

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DA V EDICIÓ DO “CURSO DE FORMACIÓN EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente de data 27 de xaneiro de 2022, acordou a realización da V edición do curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral en colaboración coa Universidade de Vigo, co obxecto de afondar, analizar e estudar todas as cuestións relativas á negociación colectiva, capacitar ao alumnado para analizar en profundidade as condicións incluídas nos convenios colectivos e intervir eficazmente nos acordos. Trátase de fomentar a formación no eido da negociación laboral en toda a xeografía galega e, dadas as necesidades das persoas ás que está principalmente dirixido (cunha formación previa que xa están a traballar activamente), achegar o curso a quen teña interese.

O curso é proposto dende a colaboración de dúas institucións públicas. O alumnado estudará as técnicas e ferramentas clásicas e máis novas de negociación; adquirirán conciencia sobre a negociación colectiva e o diálogo social institucional en Galicia e no Estado español; aprenderán a negociar desde fórmulas que persigan resultados baseados na ganancia das dúas partes, a partir da análise dos intereses existentes máis que das posicións concretas; e repararán na oportunidade que supón a negociación colectiva como ferramenta para a consecución do principio de non discriminación e igualdade por razón de xénero no ámbito das relacións laborais.

Diríxese o curso ás persoas responsables da interlocución social, ás que teñen responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesorías e demais axentes implicados na negociación e na xestión laboral da empresa, co obxectivo principal de dar resposta á demanda social que existe no territorio galego, así como a estudantes que rematen os seus estudos de Grao e desexen recibir unha formación especializada e de nivel sobre a negociación colectiva e individual no ámbito laboral.

Con este propósito formativo e fixándose en razóns de interese social e económico que permitan acadar acordos frutíferos para aumentar a produtividade do tecido empresarial galego, tense proposto pola Universidade de Vigo e o Consello Galego de Relacións Laborais este curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito das relacións laborais.

Certamente a Universidade de Vigo conta cun dos Grados de estudos universitarios máis antigos de Galicia referido ao estudo das relacións laborais e os recursos humanos, onde se imparte durante dous semestres unha extensa formación en materias de negociación colectiva e individual, ademais de materias complementarias e específicas sobre seguridade social, traballo autónomo, emprego público ou prevención de riscos, nas que tamén se aborda a perspectiva negociadora. Alén disto, na Universidade de Vigo impártese o Posgrado en Xestión e Dirección Laboral, coa especialidade de Dirección Laboral de empresas, que ven sendo ano tras ano un dos máis solicitados polos estudantes que tras os estudos de Grao buscan a especialización nesta materia por ser das que contan con máis demanda á hora de acceder ao mercado de traballo.

Dende a Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo, en tanto que se compón por especialistas no dereito colectivo, e, en concreto, no que respecta á negociación colectiva, vense observando a necesidade de dar resposta a unha demanda dos interlocutores sociais e especialistas de Relacións Laborais e Recursos Humanos, como é un curso específico que aborde as técnicas de negociación. Tanto é así que se propuxo abordar tamén a negociación individual nos mesmos termos que se pretende que avance o Acordo Galego de Solución Extraxudicial de Conflitos. Tamén o contacto continuo que se ten cos axentes implicados na negociación –empresas, sindicatos, avogados especialistas, directores de recursos humanos...- ten posto de manifesto a necesidade de afondar no estudo e desenvolvemento destas importantes cuestións.

Sendo conscientes desta necesidade social, especialmente na zona máis industrializada e, polo tanto, máis conflictiva de Galicia, como é a zona sur da nosa Comunidade Autónoma, o catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Jaime Cabeza Pereiro, e a profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Rosa María Rodríguez Martín Retortillo, veñen a propor unha nova edición deste curso que dirixirán eles mesmos como expertos na materia e coñecedores directos da demanda social existente ao respecto, tanto pola súa labor de docentes na Universidade, como de árbitros e mediadores en conflitos colectivos.

Existe converxencia de intereses entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo en orde á consecución do obxecto referido, polo que se considera necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para resolver a concesión directa dunha subvención a esa universidade, conforme ao disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as dúas entidades referidas para a realización do CURSO DE FORMACIÓN DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL, que se

desenvolverá desde o 29 de setembro ata o 24 de novembro de 2022. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Vigo unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.01. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral* mediante a achega de TRECE MIL CATROCIENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.01, denominada “Subvención á Universidade de Vigo para curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral”, na que está previsto crédito axeitado e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta ao convenio como **Anexo II**.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2023

A Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Cristina Fabeiro Varela